



A NOVA FP: A FP DUAL

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

Sen orzamento, sen un calendario de implantación e sen un cálculo das prazas ou do alumnado ao que aspira chegar este modelo. Así nace a FP Dual española, o que supón unha nova ordenación xeral da FP cuxa última reforma fora publicada apenas un ano antes no BOE do 30 de xullo de 2011.

O ministro volve, unha vez máis, a **impor unha reforma de costas á toda a comunidade educativa** e sen contar coa opinión das persoas profesionais. Co argumento de buscar a empregabilidade da xente máis nova, agocha un trasfondo no que o que prima é o desexo de desregularizar a FP, permitindo un recorte aínda maior en profesorado, instalacións, compoñentes, materiais, equipos... que poderán ser suprimidos dos centros educativos xa que a formación práctica ensínase nas empresas. A suposta mellora formativa que se acadaría coa FP Dual queda rapidamente cuestionada simplemente constatando que a nivel estatal o 92,7% das empresas son pymes – o 85% cun máximo de dous traballadores ou traballadoras- que dificilmente poderán garantir a existencia dunha persoa que exerza o labor de titorizar e ensinar ao alumnado como sucede en Alemaña.

Compre destacar que este modelo supón a absoluta **subordinación de calquera tipo de planificación educativa profesional ás necesidades das empresas**, ou máis concretamente das empresas dominantes e da conxuntura económica, o que podería levar a perder a polivalencia da formación profesional imprescindible na sociedade actual, con necesidades tan cambiantes no mercado laboral..

Desde o STEG recoñecemos que o modelo actual de FP é mellorable e que existen desaxustes en canto a oferta educativa e a excesiva concentración de titulacións nunhas poucas ramas de actividade, así como a escasa adaptación destas á realidade do tecido produtivo galego. Porén, consideramos que a reforma actual non vai resolver ningún dos problemas actuais e vai crear outros novos non só no eido educativo senón tamén no mercado laboral. O feito de que o modelo aprobado non inclúa como requisito imprescindible que o alumnado reciba unha remuneración polas prácticas –en Alemaña as empresas lles pagan entre 300 e 800 euros- supón que o Ministerio estalle a **regalar ás empresas man de obra nova e barata**, sen que tan sequera vele por unha correcta formación do alumnado, máis alá das necesidades específicas dunha determinada empresa.

Desde o STEG queremos tamén denunciar o **emprego intereseiro das cifras do paro xuvenil** en toda a argumentación do Ministro Wert. O argumento de que unha reforma educativa mellorará a empregabilidade da xente nova non se sostén cando a ninguén se lle escapa que estamos ante a xeración mellor preparada da nosa historia, que ten que emigrar a países cunha estrutura no mercado laboral capaz de ofrecerlles un posto de traballo. **O problema de empregabilidade no noso país é un problema do mercado laboral, en ningún momento se trata dun problema educativo.** U-las empresas que teñen que traer traballadoras e traballadores doutros lugares por non atoparen man de obra cualificada local? De termos tido a FP Dual completamente implantada hai 10 anos, acaso non teríamos agora a milleiros de alumnas e alumnos no paro polo colapso do sector da construción?

Permanente do Secretariado Nacional do STEG
novembro do 2012